

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8436 *REAL DECRETO 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo. («BOE» 104, do 1-5-2001, e 129, do 30-5-2001.)*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un axeitado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte ós riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o artigo 6 desta, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixa-las medidas mínimas que deben adoptarse para a axeitada protección dos traballadores. Entre elas atópanse as destinadas a garanti-la protección dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.

Así mesmo, a seguridade e a saúde dos traballadores foron obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, polo tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguridade e saúde dos traballadores e condicións ambientais de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985. No mesmo sentido, no ámbito da Unión Europea fixéronse, mediante as correspondentes directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguridade e saúde no traballo, así como criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco. Concretamente, a Directiva 98/24/CE, do Consello, do 7 de abril, relativa á protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo, establece as disposicións específicas mínimas neste ámbito. Máis tarde foi aprobada a Directiva 2000/39/CE, da Comisión, do 8 de xuño, pola que se establece unha primeira lista de valores límite de exposición profesional indicativos en aplicación da Directiva 98/24/CE, do Consello. Mediante este real decreto procédese á transposición ó dereito español do contido das dúas directivas mencionadas.

A Directiva 2000/39/CE, da Comisión, sinala na súa exposición de motivos que para cada axente químico para o que se establece a nivel comunitario un valor límite de exposición profesional indicativo, os estados membros deben establecer un valor límite de exposición profesional nacional, determinándose a súa natureza de conformidade coa lexislación e a práctica nacional. De acordo con iso, o real decreto remite, en ausencia de valores límite ambientais dos establecidos no anexo I, ós valores límite ambientais, publicados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, como valo-

res de referencia para a avaliación e o control dos riscos orixinados pola exposición dos traballadores ós devanditos axentes, no "Documento sobre límites de exposición profesional para axentes químicos en España", a aplicación da cal é recomendada pola Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por proposta dos Ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de abril de 2001,

DISPÕO :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece-las disposicións mínimas para a protección dos traballadores contra os riscos derivados ou que poidan derivarse da presenza de axentes químicos no lugar de traballo ou de calquera actividade con axentes químicos.

2. As disposicións deste real decreto serán aplicables ós axentes químicos perigosos que estean ou poidan estar presentes no lugar de traballo, sen prexuízo de:

a) As disposicións da normativa sobre protección radiolóxica dos traballadores relacionadas cos axentes químicos.

b) As disposicións máis rigorosas ou específicas establecidas no Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

c) As disposicións máis rigorosas ou específicas en materia de transporte de mercadorías perigosas establecidas en:

1.º O Real decreto 2115/1998, do 16 de outubro, sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada.

2.º O Regulamento nacional para o transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril.

3.º Os códigos IMDG, IBC e IGC definidos no artigo 2 do Real decreto 1253/1997, do 24 de xullo, sobre condicións mínimas esixidas ós buques que transporten mercadorías perigosas ou contaminantes con orixe ou destino en portos marítimos nacionais.

4.º O Acordo europeo relativo ó transporte internacional de mercadorías perigosas por vías de navegación interior.

5.º O Regulamento nacional e as instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea.

3. As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente ó conxunto do ámbito establecido no punto anterior, sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas previstas neste real decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1. Axente químico: todo elemento ou composto químico, por si só ou mesturado, tal como se presenta en estado natural ou é producido, utilizado ou vertido, incluída a vertedura como residuo, nunha actividade laboral, fora elaborado ou non de modo intencional e fora comercializado ou non.

2. Exposición a un axente químico: presenza dun axente químico no lugar de traballo que implica o contacto deste co traballador, normalmente por inhalación ou por vía dérmica.

3. Perigo: a capacidade intrínseca dun axente químico para causar dano.

4. Risco: a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado da exposición a axentes químicos. Para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, valoraranse conxuntamente a probabilidade de que se produza o dano e a súa severidade.

5. Axente químico perigoso: axente químico que pode representar un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores debido ás súas propiedades fisicoquímicas, químicas ou toxicolóxicas e á forma en que se utiliza ou se acha presente no lugar de traballo. Considéranse incluídos nesta definición, en particular:

a) Os axentes químicos que cumpran os criterios para a súa clasificación como substancias ou preparados perigosos establecidos, respectivamente, na normativa sobre notificación de substancias novas e clasificación, e envasado e etiquetaxe de substancias perigosas e na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, con independencia de que o axente estea clasificado ou non nas devanditas normativas, con excepción dos axentes que unicamente cumpran os requisitos para a súa clasificación como perigosos para o ambiente.

b) Os axentes químicos que dispoñan dun valor límite ambiental dos indicados no número 4 do artigo 3 deste real decreto.

6. Actividade con axentes químicos: todo traballo no que se utilicen axentes químicos, ou estea previsto utilízalos, en calquera proceso, incluídos a produción, a manipulación, o almacenamento, o transporte ou a evacuación e o tratamento, ou en que se produzan como resultado do devandito traballo.

7. Produtos intermedios: as substancias formadas durante as reaccións químicas e que se transforman e desaparecen antes do final da reacción ou do proceso.

8. Subproductos: as substancias que se forman durante as reaccións químicas e que permanecen ó final da reacción ou do proceso.

9. Valores límite ambientais: valores límite de referencia para as concentracións dos axentes químicos na zona de respiración dun traballador. Distínguense dous tipos de valores límite ambientais:

a) Valor límite ambiental para a exposición diaria: valor límite da concentración media, medida ou calculada de forma ponderada con respecto ó tempo para a xornada laboral real e referida a unha xornada estándar de oito horas diarias.

b) Valor límite ambiental para exposicións de curta duración: valor límite da concentración media, medida

ou calculada para calquera período de quince minutos ó longo da xornada laboral, agás para aqueles axentes químicos para os que se especifique un período de referencia inferior.

10. Valor límite biolóxico: o límite da concentración, no medio biolóxico axeitado, do axente químico ou dun dos seus metabolitos ou doutro indicador biolóxico directa ou indirectamente relacionado cos efectos da exposición do traballador ó axente en cuestión.

11. Vixilancia da saúde: o exame de cada traballador para determina-lo seu estado de saúde, en relación coa exposición a axentes químicos específicos no traballo.

CAPÍTULO II

Obrigas do empresario

Artigo 3. *Avaliación dos riscos.*

1. O empresario deberá determinar, en primeiro lugar, se existen axentes químicos perigosos no lugar de traballo. De ser así, deberanse avaliar os riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores, orixinados polos devanditos axentes, de conformidade co artigo 16 da Lei de prevención de riscos laborais e a sección 1.ª do capítulo II do Regulamento dos servizos de prevención, considerando e analizando conxuntamente:

a) As súas propiedades perigosas e calquera outra información necesaria para a avaliación dos riscos, que deba facilitalo provedor, ou que poida solicitarse deste ou de calquera outra fonte de información de doado acceso. Esta información debe incluí-la ficha de datos de seguridade e, cando proceda, a avaliación dos riscos para os usuarios, recollidas na normativa sobre comercialización de axentes químicos perigosos.

b) Os valores límite ambientais e biolóxicos.

c) As cantidades utilizadas ou almacenadas dos axentes químicos.

d) O tipo, nivel e duración da exposición dos traballadores ós axentes e calquera outro factor que condicione a magnitude dos riscos derivados da devandita exposición, así como as exposicións accidentais.

e) Calquera outra condición de traballo que inflúa sobre outros riscos relacionados coa presenza dos axentes no lugar de traballo e, especificamente, cos perigos de incendio ou explosión.

f) O efecto das medidas preventivas adoptadas ou que deban adoptarse.

g) As conclusións dos resultados da vixilancia da saúde dos traballadores que, se é o caso, se realizase e os accidentes ou incidentes causados ou potenciados pola presenza dos axentes no lugar de traballo.

2. A avaliación do risco deberá incluí-la de todas aquelas actividades, tales como as de mantemento ou reparación, a realización das cales poida supoñer un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores, pola posibilidade de que se produzan exposicións de importancia ou por outras razóns, aínda que se tomanan tódalas medidas técnicas pertinentes.

3. Cando os resultados da avaliación revelen un risco para a saúde e para a seguridade dos traballadores, serán de aplicación as medidas específicas de prevención, protección e vixilancia da saúde establecidas nos artigos 5, 6 e 7.

Non obstante, estas medidas específicas non serán de aplicación naqueles supostos en que os resultados da avaliación de riscos poñan de manifesto que a cantidade dun axente químico perigoso presente no lugar de traballo fai que só exista un risco leve para a saúde e seguridade dos traballadores, sendo suficiente para

reduci-lo devandito risco a aplicación dos principios de prevención establecidos no artigo 4.

4. En calquera caso, os artigos 5 e 6 aplicaranse obrigatoriamente cando se superen:

a) Os valores límite ambientais establecidos no anexo I deste real decreto ou nunha normativa específica aplicable.

b) En ausencia dos anteriores, os valores límite ambientais publicados polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo no "Documento sobre límites de exposición profesional para axentes químicos en España", a aplicación dos cales sexa recomendada pola Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, salvo se se pode demostrar que se utilizan e respectan uns criterios ou límites alternativos, a aplicación dos cales resulte suficiente, no caso concreto de que se trate, para protexe-la saúde e a seguridade dos traballadores.

5. A avaliación dos riscos derivados da exposición por inhalación a un axente químico perigoso deberá incluí-la medición das concentracións do axente no aire, na zona de respiración do traballador, e a súa posterior comparación co valor límite ambiental que corresponda, segundo o disposto no punto anterior. O procedemento de medición utilizado deberá adaptarse, polo tanto, á natureza do devandito valor límite.

O procedemento de medición e, concretamente, a estratexia de medición (o número, duración e oportunidade das medicións) e o método de medición (incluídos, se é o caso, os requisitos esixibles ós instrumentos de medida), estableceranse seguindo a normativa específica que sexa de aplicación ou, en ausencia desta, conforme o disposto no artigo 5.3 do Regulamento dos servizos de prevención.

As medicións ás que se refiren os parágrafos anteriores non serán, sen embargo, necesarias, cando o empresario demostre claramente por outros medios de avaliación que se logrou unha axeitada prevención e protección, de conformidade co disposto no número 1 deste artigo.

6. No caso de actividades que entrañen unha exposición a varios axentes químicos perigosos, a avaliación deberá realizarse atendendo ó risco que presente a combinación dos devanditos axentes.

7. A avaliación dos riscos deberá manterse actualizada, revisándose:

a) Cando se produzan modificacións nas condicións existentes no momento no que se fixo a avaliación, que poidan aumenta-lo risco invalidando os resultados da devandita avaliación.

b) Nos casos sinalados no número 1 do artigo 6 do Regulamento dos servizos de prevención.

c) Periodicamente, conforme o disposto no número 2 do artigo 6 do devandito regulamento. A periodicidade deberá fixarse en función da natureza e gravidade do risco e a posibilidade de que este se incremente por causas que pasen inadvertidas, e tendo en conta os criterios establecidos na guía a que fai referencia a disposición derradeira primeira deste real decreto.

8. No caso dunha nova actividade na que se utilicen axentes químicos perigosos, o traballo deberá iniciarse unicamente cando se efectúe unha avaliación do risco da devandita actividade e se apliquen as medidas preventivas correspondentes.

9. A avaliación deberá documentarse de acordo co establecido no artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais e no artigo 7 do Regulamento dos servizos de prevención. En relación cos casos a que fai referencia

o número 5 deste artigo, a documentación deberá incluí-las razóns polas que non se considera necesario efectuar medicións.

Artigo 4. *Principios xerais para a prevención dos riscos por axentes químicos.*

Os riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores en traballos nos que haxa actividade con axentes químicos perigosos eliminaranse ou reduciranse ó mínimo mediante:

a) A concepción e organización dos sistemas de traballo no lugar de traballo.

b) A selección e instalación dos equipos de traballo.

c) O establecemento dos procedementos axeitados para o uso e mantemento dos equipos utilizados para traballar con axentes químicos perigosos, así como para a realización de calquera actividade con axentes químicos perigosos, ou con residuos que os conteñan, incluídas a manipulación, o almacenamento e o traslado destes no lugar de traballo.

d) A adopción de medidas hixiénicas axeitadas, tanto persoais como de orde e limpeza.

e) A redución das cantidades de axentes químicos perigosos presentes no lugar de traballo ó mínimo necesario para o tipo de traballo de que se trate.

f) A redución ó mínimo do número de traballadores expostos ou que poidan estalo.

g) A redución ó mínimo da duración e intensidade das exposicións.

Artigo 5. *Medidas específicas de prevención e protección.*

1. Este artigo será aplicable cando a avaliación dos riscos poña de manifesto a necesidade de toma-las medidas específicas de prevención e protección establecidas nel, tendo en conta os criterios establecidos nos números 3 e 4 do artigo 3 deste real decreto.

2. O empresario garantirá a eliminación ou redución ó mínimo do risco que entrañe un axente químico perigoso para a saúde e seguridade dos traballadores durante o traballo. Para iso, o empresario deberá, preferentemente, evita-lo uso do devandito axente substituíndoo por outro ou por un proceso químico que, conforme ás súas condicións de uso, non sexa perigoso ou que o sexa en menor grao.

Cando a natureza da actividade non permita a eliminación do risco por substitución, o empresario garantirá a redución ó mínimo do devandito risco aplicando medidas de prevención e protección que sexan coherentes coa avaliación dos riscos. As devanditas medidas incluírán, por orde de prioridade:

a) A concepción e a utilización de procedementos de traballo, controis técnicos, equipos e materiais que permitan, illando o axente na medida do posible, evitar ou reducir ó mínimo calquera escape ou difusión ó ambiente ou calquera contacto directo co traballador que poida supoñer un perigo para a saúde e seguridade deste.

b) Medidas de ventilación ou outras medidas de protección colectiva, aplicadas preferentemente na orixe do risco, e medidas adecuadas de organización do traballo.

c) Medidas de protección individual, acordes co disposto na normativa sobre utilización de equipos de protección individual, cando as medidas anteriores sexan insuficientes e a exposición ou contacto co axente non poida evitarse por outros medios.

3. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, o empresario deberá adoptar, en particular, as medidas técnicas e organizativas necesarias para protexe-los

traballadores fronte ós riscos derivados, se é o caso, da presenza no lugar de traballo de axentes que poidan dar lugar a incendios, explosións ou outras reaccións químicas perigosas debido ó seu carácter inflamable, á súa inestabilidade química, á súa reactividade fronte a outras substancias presentes no lugar de traballo, ou a calquera outra das súas propiedades físico-químicas.

Estas medidas deberán ser adecuadas á natureza e condicións da operación, incluídos o almacenamento, a manipulación e o transporte dos axentes químicos no lugar de traballo e, se é o caso, a separación dos axentes químicos incompatibles. En particular, o empresario adoptará, por orde de prioridade, medidas para:

- a) Impedi-la presenza no lugar de traballo de concentracións perigosas de substancias inflamables ou de cantidades perigosas de substancias quimicamente inestables ou incompatibles con outras tamén presentes no lugar de traballo cando a natureza do traballo o permita.
- b) Cando a natureza do traballo non permita a adopción da medida prevista na alínea anterior, evita-las fontes de ignición que puidesen producir incendios ou explosións ou condicións adversas que puidesen activa-la descomposición de substancias quimicamente inestables ou mesturas de substancias quimicamente incompatibles.
- c) Palia-los efectos nocivos para a saúde e a seguridade dos traballadores orixinados en caso de incendio, explosión ou outra reacción exotérmica perigosa.

En todo caso, os equipos de traballo e os sistemas de protección empregados deberán cumprir-los requisitos de seguridade e saúde establecidos pola normativa que regule a súa concepción, fabricación e subministración.

4. No caso particular da prevención das explosións, as medidas adoptadas deberán:

- a) Ter en conta e ser compatibles coa clasificación en categorías dos grupos de aparellos que figura no anexo I do Real decreto 400/1996, do 1 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 94/9/CE, relativa ós aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas.
- b) Ofrecer un control suficiente das instalacións, equipos e maquinaria, ou utilizar equipos para a supresión das explosións ou dispositivos de alivio fronte a sobrepresións.

Artigo 6. *Vixilancia da saúde.*

1. Cando a avaliación de riscos poña de manifesto a existencia dun risco para a saúde dos traballadores, o empresario deberá levar a cabo unha vixilancia da saúde dos devanditos traballadores, de conformidade co disposto neste artigo e no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais e número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servicios de prevención.

2. A vixilancia da saúde considerarase axeitada cando se cumpran tódalas condicións seguintes:

- a) A exposición do traballador ó axente químico perigoso poida relacionarse cunha determinada enfermidade ou efecto adverso para a saúde.
- b) Exista a probabilidade de que esa enfermidade ou efecto adverso se produza nas condicións de traballo concretas nas que o traballador desenvolva a súa actividade.
- c) Existan técnicas de investigación válidas para detectar síntomas da devandita enfermidade ou efectos adversos para a saúde, a utilización dos cales entrañe escaso risco para o traballador.

3. A vixilancia da saúde será un requisito obrigatorio para traballar cun axente químico perigoso cando así

este establecido nunha disposición legal ou cando resulte imprescindible para avalia-los efectos das condicións de traballo sobre a saúde do traballador debido a que:

- a) Non poida garantirse que a exposición do traballador ó devandito axente está suficientemente controlada.
- b) O traballador, tendo en conta as súas características persoais, o seu estado biolóxico e a súa posible situación de discapacidade, e a natureza do axente, poida presentar ou desenvolver unha especial sensibilidade fronte a este.

Sempre que se cumpran as condicións indicadas no número 2 deste artigo, a vixilancia da saúde, incluído se é o caso o control biolóxico, será tamén un requisito obrigatorio para traballar cos axentes químicos indicados no anexo II deste real decreto.

4. Cando, de acordo co disposto no punto anterior, a vixilancia da saúde sexa un requisito obrigatorio para traballar cun axente químico, deberá informarse o traballador deste requisito, antes de que lle sexa asignada a tarefa que entrañe riscos de exposición ó axente químico en cuestión.

5. Os procedementos utilizados para realiza-la vixilancia da saúde axustaranse ós protocolos sinalados na alínea c) do número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servicios de prevención. Pola súa banda, estes protocolos, cando se refiran a algún dos axentes indicados no anexo II deste real decreto, deberán incluí-los requisitos establecidos no devandito anexo.

6. A documentación sobre a avaliación dos riscos por exposición a axentes químicos perigosos e a vixilancia da saúde dos traballadores fronte ós devanditos riscos deberá axustarse ó establecido no artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais, no artigo 7 e na alínea c) do número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servicios de prevención.

Sen prexuízo do disposto no número 3 do artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais, os traballadores terán acceso, solicitándoo previamente, á parte desta documentación que os afecte persoalmente.

7. Nos casos nos que a vixilancia da saúde mostre que:

- a) Un traballador padece unha enfermidade identificable ou uns efectos nocivos que, en opinión do médico responsable, son consecuencia dunha exposición a un axente químico perigoso, ou
- b) Se supera un valor límite biolóxico dos indicados no anexo II.

O médico responsable ou outro persoal sanitario competente informará persoalmente o traballador do resultado da devandita vixilancia. Esta información incluírá, cando proceda, os consellos relativos á vixilancia da saúde á que o traballador deberá someterse ó remata-la exposición, tendo en conta, a este respecto, o disposto na alínea e) do número 3 do artigo 37 do Regulamento dos servicios de prevención.

8. Nos casos indicados nas alíneas a) e b) do punto anterior, o empresario deberá:

- a) Revisa-la avaliación dos riscos a que se refire o artigo 3.
- b) Revisa-las medidas previstas para eliminar ou reduci-los riscos conforme o disposto nos artigos 4 e 5.
- c) Ter en conta as recomendacións do médico responsable da vixilancia da saúde ó aplicar calquera outra medida necesaria para eliminar ou reduci-los riscos, conforme o disposto no artigo 5, incluída a posibilidade de asignarlle ó traballador outro traballo onde non exista risco dunha nova exposición.
- d) Dispoñer que se manteña a vixilancia da saúde dos traballadores afectados e que se proceda ó exame

da saúde dos demais traballadores que sufrisen unha exposición similar, tendo en conta as propostas que faga o médico responsable nesta materia.

Artigo 7. Medidas que se adoptarán fronte a accidentes, incidentes e emerxencias.

1. Este artigo será aplicable cando a avaliación dos riscos poña de manifesto a necesidade de toma-las medidas fronte a accidentes, incidentes e emerxencias recollidas nel, tendo en conta os criterios establecidos no número 3 do artigo 3 deste real decreto, e nos artigos 20 e 21 da Lei de prevención de riscos laborais.

2. Co obxecto de protexe-la saúde e a seguridade dos traballadores fronte ós accidentes, incidentes e emerxencias que poidan derivarse da presenza de axentes químicos perigosos no lugar de traballo, o empresario deberá planifica-las actividades que se desenvolverán en caso de que se produzan tales accidentes, incidentes ou emerxencias e adopta-las medidas necesarias para posibilitar, en tal caso, a correcta realización das actividades planificadas.

Estas medidas comprenderán:

a) A instalación dos sistemas ou a dotación dos medios necesarios, tendo en conta os resultados da avaliación para paliar-las consecuencias do accidente, incidente ou emerxencia e, en particular, para o control da situación de perigo e, se é o caso, a evacuación dos traballadores e os primeiros auxilios.

b) A formación dos traballadores que deban realizar ou participar nas devanditas actividades, incluíndo a práctica de exercicios de seguridade a intervalos regulares.

c) A organización das relacións cos servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios.

d) A posta á disposición de información sobre as medidas de emerxencia relativas a axentes químicos perigosos, accesible ós servizos internos e externos, incluíndo:

1.º Aviso previo dos correspondentes perigos no traballo, medidas de determinación do perigo, precaucións e procedementos, de forma que os servizos de urxencias poidan establece-los seus propios procedementos de intervención e as súas medidas de precaución.

2.º Toda información dispoñible sobre os perigos específicos que xurdan ou poidan xurdir durante un accidente ou emerxencia, incluída a información sobre os plans e procedementos que se estableceran conforme o disposto neste artigo.

e) O establecemento dos sistemas de aviso e comunicación que sexan precisos para advertir dun incremento do risco que implique unha situación de emerxencia, co fin de permitir unha resposta axeitada e, en particular, o rápido inicio das medidas de control da situación de perigo, así como das operacións de asistencia, evacuación e salvamento.

3. No caso de que, efectivamente, se produza un accidente, incidente ou emerxencia dos considerados neste artigo, o empresario tomará inmediatamente as medidas necesarias para paliar-las súas consecuencias e informar diso os traballadores afectados.

4. Co fin de restablece-la normalidade:

a) O empresario aplicará as medidas axeitadas para remedia-la situación o antes posible.

b) Unicamente se permitirá traballar na zona afectada ós traballadores que sexan imprescindibles para a realización das reparacións e os traballos necesarios.

c) Proporcionaráselles ós traballadores autorizados a traballar na zona afectada roupa de protección axeitada,

equipo de protección persoal e equipo e material de seguridade especializados que deberán utilizar mentres persista a situación, que non deberá ser permanente.

d) Non se autorizará a permanecer na zona afectada a persoas sen protección.

Artigo 8. Prohibicións.

1. Co obxecto de evita-la exposición dos traballadores ós riscos para a saúde derivados de determinados axentes químicos e determinadas actividades con axentes químicos, quedan prohibidas a produción, fabricación ou utilización durante o traballo dos axentes químicos e das actividades con axentes químicos que se indican no anexo III deste real decreto. Esta prohibición non será aplicable se o axente químico está presente noutro axente químico ou como compoñente de refugallo, sempre que a súa concentración específica nel sexa inferior ó límite establecido no devandito anexo.

2. Exceptúanse do cumprimento do disposto no punto anterior:

a) As actividades de investigación e experimentación científica, incluídas as de análise.

b) As actividades que teñan por obxecto a eliminación dos axentes químicos presentes en forma de subprodutos ou produtos residuais.

c) As actividades nas que os axentes químicos ós que se refire o número 1 se usen como produtos intermedios e a produción deses axentes para o devandito uso.

3. Nos casos exceptuados no punto anterior, o empresario deberá:

a) Toma-las precaucións apropiadas para protexe-la seguridade e a saúde dos traballadores afectados, evitando a exposición destes ós axentes químicos a que se refire o número 1.

b) Adoptar, ademais, nas actividades sinaladas na última letra do punto anterior, as medidas necesarias que aseguren a máis rápida produción e utilización dos devanditos axentes, en tanto que produtos intermedios, sempre nun sistema pechado único e extraídos soamente na cantidade mínima necesaria para o control do proceso ou para o mantemento do sistema.

c) Remitir á autoridade laboral, conxuntamente coa documentación da comunicación de apertura, toda a información sobre as medidas adoptadas para o cumprimento das obrigas establecidas neste punto e, en particular:

1.º O motivo polo que se solicita a excepción.

2.º As cantidades utilizadas anualmente.

3.º As actividades e reaccións ou procesos implicados.

4.º O número de traballadores que poidan estar suxeitos a exposición.

5.º As precaucións adoptadas para protexe-la seguridade e saúde dos traballadores e, en particular, as medidas técnicas e organizativas tomadas para evita-la exposición.

4. Á vista da información recibida, a autoridade laboral poderá, logo do informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social, estende-la prohibición a ese particular proceso ou actividade cando considere que as precaucións adoptadas polo empresario non garanten un grao suficiente de protección da saúde e seguridade dos traballadores.

Artigo 9. Información e formación dos traballadores.

1. De conformidade cos artigos 18 e 19 da Lei de prevención de riscos laborais, o empresario deberá

garantir que os traballadores e os representantes dos traballadores reciban unha formación e información axeitadas sobre os riscos derivados da presenza de axentes químicos perigosos no lugar de traballo, así como sobre as medidas de prevención e protección que teñan que adoptarse en aplicación deste real decreto.

2. En particular, o empresario deberá facilitar ós traballadores ou ós seus representantes, seguindo o criterio establecido no número 1 do artigo 18 da mencionada lei:

a) Os resultados da avaliación dos riscos recollida no artigo 3 deste real decreto, así como os cambios nos devanditos resultados que se produzan como consecuencia de alteracións importantes das condicións de traballo.

b) Información sobre os axentes químicos perigosos presentes no lugar de traballo, tales como a súa denominación, os riscos para a seguridade e a saúde, os valores límite de exposición profesional e outros requisitos legais que lles sexan de aplicación.

c) Formación e información sobre as precaucións e medidas axeitadas que deban adoptarse co obxecto de protexerse a si mesmos e ós demais traballadores no lugar de traballo.

d) Acceso a toda ficha técnica facilitada polo provedor, conforme o disposto na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos.

3. A información deberá ser facilitada na forma axeitada, tendo en conta o seu volume, complexidade e frecuencia de utilización, así como a natureza e nivel dos riscos que a avaliación puxese de manifesto; dependendo destes factores, poderá ser necesario proporcionar instrucións e formación individuais avaladas por información escrita, ou poderá abonda-la comunicación verbal. A información deberá ser actualizada sempre que sexa necesario ter en conta novas circunstancias.

4. A sinalización dos recipientes e conduccións utilizados para os axentes químicos perigosos no lugar de traballo deberá satisfacer os requisitos establecidos no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo e, en particular, no número 4 do anexo VII da devandita norma. Cando a sinalización non sexa obrigatoria, o empresario deberá velar para que a natureza e os perigos do contido dos recipientes e conduccións sexan claramente recoñecibles.

Artigo 10. *Consulta e participación dos traballadores.*

O empresario deberá consultar e facilitar a participación dos traballadores ou os seus representantes respecto das cuestións a que se refire este real decreto, de conformidade co establecido no número 2 do artigo 18 da Lei de prevención de riscos laborais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e, especificamente:

a) O segundo parágrafo do artigo 18 e o anexo 2 do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, do 30 de novembro.

b) O Regulamento para a prevención de riscos e protección da saúde dos traballadores pola presenza de chumbo metálico e os seus compostos iónicos no ambiente de traballo, aprobado pola Orde do 9 de abril de 1986.

c) O Real decreto 88/1990, do 26 de xaneiro, sobre protección dos traballadores mediante a prohibición de

determinados axentes específicos ou determinadas actividades.

Disposición derradeira primeira. *Elaboración e actualización da guía técnica.*

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no número 3 do artigo 5 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica de carácter non vinculante, para a avaliación e prevención dos riscos relacionados cos axentes químicos presentes nos lugares de traballo.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, co previo informe favorable da de Sanidade e Consumo e logo do informe da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, a dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para as adaptacións de carácter estritamente técnico dos seus anexos, en función do progreso técnico e da evolución das normativas ou especificacións internacionais ou dos coñecementos en materia de protección fronte ós riscos relacionados cos axentes químicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 5 de maio de 2001.

Dado en Madrid o 6 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

ANEXO I

Lista de valores límite ambientais de aplicación obrigatoria

Nome do axente	EINECS (1)	CAS (2)	Valor límite ambiental para a exposición diaria		Valor límite ambiental para exposicións de curta duración	
			mg/m ³ (3)	ppm (4)	mg/m ³ (3)	ppm (4)
Chumbo inorgánico e os seus derivados.	—	—	0,15	—	—	—

- (1) EINECS: European Inventory of Existing Commercial Chemical Substances (Inventario europeo de substancias químicas comerciais existentes).
 (2) CAS: Chemical Abstracts Service (Servicio de resumos químicos).
 (3) mg/m³: miligramos por metro cúbico de aire a 20 .°C e 101,3 KPa.
 (4) ppm: partes por millón en volume no aire (ml/m³).

ANEXO II

Valores límite biolóxicos de aplicación obrigatoria e medidas de vixilancia da saúde

Chumbo e os seus derivados iónicos

a) O control biolóxico incluírá a medición do nivel de chumbo en sangue utilizando a espectrometría de

absorción ou un método de resultados equivalentes. O valor límite biolóxico será: 70 µg Pb/100 ml de sangue.

b) Deberá procederse á vixilancia médica cando: se estea exposto a unha concentración de chumbo en aire que supere os 0,075 mg/m³, calculados de forma ponderada con respecto ó tempo para un período de referencia de corenta horas semanais, ou o control biolóxico detecte en determinados traballadores un nivel de chumbo no sangue superior a 40 µg Pb/100 ml.

ANEXO III Prohibicións

a) Axentes químicos:

EINECS (1)	CAS (2)	Nome do axente	Límite de concentración para a exención
202-080-4	91-59-8	2-naftilamina e os seus sales.	0,1 % en peso
202-177-1	92-67-1	4-aminodifenilo e os seus sales.	0,1 % en peso
202-199-1	92-87-5	Bencidina e os seus sales.	0,1 % en peso
202-204-7	92-93-3	4-nitrodifenilo.	0,1 % en peso

(1) EINECS: European Inventory of Existing Commercial Chemical Substances (Inventario europeo de substancias químicas comerciais existentes).

(2) CAS: Chemical Abstracts Service (Servicio de resumos químicos).

b) Actividades con axentes químicos: Ningunha.

(Es real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 129, de data 30 de maio de 2001.)

8503 REAL DECRETO 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores. («BOE» 105, do 2-5-2001.)

As normas de seguridade aplicables no transporte colectivo de menores por estrada estaban recollidas no Real decreto 2296/1983, do 25 de agosto, sobre tráfico e circulación de vehículos escolares e de menores.

Desde a entrada en vigor do devandito real decreto producíronse cambios importantes a nivel lexislativo e regulamentario de carácter xeral tanto en materia de ordenación dos transportes terrestres, coma de tráfico, circulación e seguridade vial dos vehículos de motor, e das normas sobre condicións técnicas dos vehículos, que afectan de forma directa á materia que naquel se regulaba.

Iso facía precisa, en todo caso, unha modificación do referido real decreto que adaptase o seu contido ás modificacións operadas no marco do ordenamento xurídico xeral en que se encadraba.

En tal tesitura, non pareceu razoable desatende-la posibilidade de adapta-las condicións de seguridade esixidas no transporte de menores ós cambios que experimentou a situación social e económica desde 1983, introducindo unha posta ó día dos elementos de seguridade que deben reuni-los vehículos en que aquel se realice.

Así mesmo, considerouse oportuno recoller algúns elementos destinados a facilita-lo acceso e utilización dos vehículos ós escolares e menores de mobilidade reducida.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas

e de regulamentos relativos ós servicios da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xuño, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior, e dos ministros de Fomento, de Educación, Cultura e Deporte, e de Ciencia e Tecnoloxía, oídos o Comité Nacional do Transporte por Estrada e o Consello Nacional de Transportes Terrestres, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de abril de 2001,

DISPONGO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

As condicións de seguridade previstas neste real decreto aplicaranse:

a) Ós transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando polo menos a terceira parte, ou máis, dos alumnos transportados tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento en que comezou o correspondente curso escolar.

b) A aquelas expedicións de transportes públicos regulares de viaxeiros de uso xeral por estrada en que a metade, ou máis, das prazas do vehículo fosen previamente reservadas para viaxeiros menores de dezaseis anos.

c) Ós transportes públicos discrecionais de viaxeiros en autobús, cando tres cuartas partes, ou máis, dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.

d) Ós transportes privados complementarios de viaxeiros por estrada, cando a terceira parte, ou máis, dos viaxeiros sexan menores de dezaseis anos.

Artigo 2. *Autorizacións de transporte.*

Os transportes indicados no artigo anterior só poderán ser realizados por aquelas empresas que contén coa correspondente concesión ou autorización administrativa que, conforme o disposto nas normas de ordenación dos transportes terrestres, habilite para levar a cabo o transporte regular ou discrecional de que en cada caso se trate.

Para o outorgamento da preceptiva autorización de transporte regular de uso especial para a realización dos transportes incluídos no parágrafo a) do devandito artigo, esixirase, en todo caso, que o transportista solicitante acredite o cumprimento dos requisitos esixidos nos artigos 3, 4, 6 e 12, xunto ós demais que resulten esixibles por razóns de ordenación do transporte, con especial atención a todos aqueles destinados a garantir un maior nivel de seguridade no transporte.

Artigo 3. *Antigüidade dos vehículos.*

1. Como regra xeral, só poderán prestarse os servicios comprendidos na alínea a) do artigo 1, e adscribirse, de se-lo caso, ás autorizacións de transporte regular de uso especial, aqueles vehículos que non superen, ó inicio do curso escolar, a antigüidade de dez anos, contados desde a súa primeira matriculación.

Non obstante, admitirase a adscripción de vehículos de antigüidade superior, sempre que se cumpran conxuntamente os seguintes requisitos:

1.º Que o vehículo non supere a antigüidade de dezaseis anos, contados desde a súa primeira matriculación, ó inicio do curso escolar.